

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7106 *Lei 2/2017, do 21 de xuño, de modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

O artigo 119 da Constitución consagra que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto dos que acrediten insuficiencia de recursos para litigar. No marco do dito mandato constitucional, a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, supuxo un paso importante na protección daqueles cidadáns máis desfavorecidos que necesitan acceder á tutela xudicial para ver realizadas as súas lexítimas pretensións ou defendidos os seus dereitos.

Co fin de garantir a plena efectividade deste dereito, os profesionais están obrigados a prestar asistencia nos termos previstos na citada Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, cun importante compromiso vocacional en favor dunha xustiza gratuíta, de calidade e que permita o desenvolvemento pleno da tutela xudicial efectiva dos cidadáns.

Co propósito de incrementar as garantías que o noso ordenamento xurídico ofrece en materia de xustiza gratuíta, tanto para os cidadáns coma para os profesionais, a presente reforma pretende afianzar o carácter de servizo público desta actividade prestacional, reforzala e garantir que estea debidamente subvencionada polos poderes públicos e recoñecer o aboamento das correspondentes indemnizacións a favor dos profesionais obrigados á súa prestación.

En consecuencia, apróbase a presente lei de modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para o reforzamento do sistema e da garantía do acceso dos cidadáns á Administración de xustiza.

Artigo único. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

Modifícase a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto determinar o contido e o alcance do dereito á asistencia xurídica gratuíta a que se refire o artigo 119 da Constitución e regular o procedemento para o seu recoñecemento e efectividade.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta será obrigatorio nos termos previstos nesta lei. Os colexios profesionais poderán organizar o servizo e dispensar o colexiado cando existan razóns que o xustifiquen.

As disposicións desta lei serán de aplicación xeral en todo tipo de procesos xudiciais, incluídos os recursos de amparo constitucional, a vía administrativa

previa, cando así se estableza na lexislación específica, así como o asesoramento previo ao proceso recollido no número 1 do artigo 6.»

Dous. O artigo 22 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Xestión colexial dos servizos de asistencia letrada, de defensa e de representación gratuítas.*

Os consellos xerais da Avogacía Española e dos colexios de procuradores dos tribunais de España e os seus respectivos colexios regularán e organizarán, a través das súas xuntas de goberno, os servizos obrigatorios de asistencia letrada e de defensa e representación gratuítas; garantirán, en todo caso, a súa prestación continuada e atenderán a criterios de funcionalidade e de eficiencia.

Os profesionais que presten o servizo obrigatorio de xustiza gratuíta terán dereito a unha compensación que terá carácter indemnizatorio.

Os colexios de avogados implantarán servizos de asesoramento aos peticionarios de asistencia xurídica gratuíta, coa finalidade de orientar e canalizar as súas pretensións. Este asesoramento terá, en todo caso, carácter gratuíto para os solicitantes.

Os colexios de avogados facilitaranlles aos solicitantes de asistencia xurídica gratuíta a información necesaria en relación co cumprimento dos requisitos para a súa concesión, así como o auxilio na redacción das solicitudes correspondentes.»

Tres. O artigo 23 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 23. *Autonomía profesional e disciplina colexial.*

Os profesionais que presten o servizo obrigatorio de xustiza gratuíta, aos cales se refire esta lei, desenvolverán a súa actividade con liberdade e independencia de criterio, con suxeición ás normas deontolóxicas e ás normas que disciplinan o funcionamento dos servizos colexiais de xustiza gratuíta.»

Catro. O artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 25. *Formación e especialización.*

O Ministerio de Xustiza, de maneira coordinada coas comunidades autónomas competentes, logo de informe dos consellos xerais da Avogacía e dos procuradores dos tribunais de España, establecerá os requisitos xerais mínimos de formación e especialización necesarios para prestar os servizos obrigatorios de asistencia xurídica gratuíta, co obxecto de asegurar un nivel de calidade e de competencia profesional que garanta o dereito constitucional á defensa. Eses requisitos serán de obrigado cumprimento para todos os colexios profesionais.»

Cinco. O artigo 30 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 30. *Indemnización polo servizo.*

A intervención de profesionais designados de oficio para a asistencia, defensa e representación gratuíta só poderá ser indemnizada cando exista recoñecemento expreso do dereito á asistencia xurídica gratuíta efectuado nos termos recollidos nesta lei.

O importe da indemnización aplicarase fundamentalmente a compensar as actuacións profesionais previstas nos números 1 ao 3 do artigo 6 desta lei, cando teñan por destinatarios os que obtivesen o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.»

Seis. Modifícase o título do artigo 36, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 36. *Condena en custas.*»

Sete. O artigo 37 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 37. *Subvención.*

As administracións públicas competentes, asegurando o dereito á asistencia xurídica gratuíta a que se refire o artigo 119 da Constitución, subvencionarán con cargo ás súas dotacións orzamentarias a implantación, atención e funcionamento dos servizos de asistencia xurídica gratuíta por parte dos colexios de avogados e de procuradores.»

Oito. O artigo 40 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 40. *Indemnización por baremo.*

En atención á tipoloxía de procedementos nos cales interveñan os profesionais designados de oficio, estableceranse, logo de informe do Consello Xeral da Avogacía Española e do Consello Xeral dos Colexios dos Procuradores dos Tribunais de España, as bases económicas e módulos de indemnización pola prestación dos servizos de asistencia xurídica gratuíta.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2017.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de xuño de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY